

Contas de distribución da renda dos fogares por concellos

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O principal obxectivo desta operación estatística é ofrecer información das operacións de asignación, distribución e utilización da renda no ámbito do sector fogares, desagregando as estimacións das distintas operacións e saldos contables por concello. En concreto, esta información permite coñecer e analizar:

- as rendas primarias que reciben os fogares residentes pola súa participación directa no proceso de produción (remuneración de asalariados, excedente de explotación e rendas mixtas) e a xerada como propietarios dun activo financeiro ou dun activo material non producido a cambio de proporcionar fondos ou de poñer o activo material non producido a disposición doutra unidade institucional (rendas da propiedade).
- o proceso de distribución secundaria da renda a través dos impostos correntes sobre a renda e patrimonio, as cotizacións e prestacións sociais e as outras transferencias correntes, obtendo como saldo a renda dispoñible.
- a utilización da renda dispoñible, como gasto en consumo final ou como aforro.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O sector institucional obxecto de estudo son os fogares residentes. Comprende os individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores coma, eventualmente, na de empresarios que producen bens ou servizos financeiros ou non financeiros de mercado (produtores de mercado). Ademais, comprende os individuos ou grupos de individuos que producen bens e servizos non financeiros exclusivamente para uso final propio (SEC 3.20 e 3.21).

Na súa condición de consumidores, os fogares poden definirse como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común unha parte ou a totalidade das súas rendas e patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente o aloxamento e a alimentación. Esta definición pode completarse co criterio da existencia de vínculos familiares ou afectivos.

Os recursos principais destas unidades proceden da remuneración de asalariados, rendas da propiedade, transferencias efectuadas por outros sectores, ingresos procedentes da disposición

de bens e servizos de mercado, ou ingresos imputados pola produción de bens e servizos para consumo final propio.

O sector «fogares» inclúe:

- a) os individuos ou grupos de individuos que teñen como función principal o consumo;
- b) as persoas que viven en institucións de forma permanente cunha autonomía de acción ou de decisión en asuntos económicos moi limitada ou inexistente (por exemplo, os membros de ordes relixiosas, os pacientes hospitalizados durante longos períodos...). Considérase que tales persoas forman, agrupadas, unha única unidade institucional, é dicir, un único fogar;
- c) os individuos ou grupos de individuos que teñen por función principal o consumo e que producen bens e servizos non financeiros exclusivamente para uso final propio. No SEC inclúense unicamente dúas categorías de servizos producidos para consumo final propio: os servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios e os servizos producidos por persoal doméstico remunerado;
- d) as empresas individuais e as sociedades personalistas sen personalidade xurídica que son produtores de mercado;
- e) as institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que carecen de personalidade xurídica e tamén as que, aínda dotadas de personalidade xurídica, teñen pouca importancia (SEC 2.88).

O termo “residencia” significa que unha unidade institucional pode vincularse a un territorio económico. Deste modo, unha unidade institucional é residente nun territorio económico determinado cando ten un centro de interese económico nese territorio. No SEC (2.07) sinalase: “O termo centro de interese económico indica que, no territorio económico, existe un lugar no que unha unidade realiza e ten previsto seguir realizando actividades e operacións económicas de certa amplitude, ben de forma indefinida ou ben durante un período determinado, pero suficientemente longo (un ano ou máis).” Cómpre sinalar que “o feito de posuír terreos ou edificios no territorio económico considérase suficiente para que o propietario teña un centro de interese económico nese territorio.”

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego. Proporcionase información da conta de asignación da renda primaria e de distribución da renda secundaria a nivel de concello. Mentres que a conta de utilización da renda ofrécese para o conxunto de Galicia.

Ámbito temporal

Preséntanse unha serie anual desde o ano 2000. O carácter definitivo e provisional dos resultados segue o mesmo calendario das contas económicas anuais. De cara a próximas edicións está prevista a actualización anual da serie cun desfase aproximado dun trimestre respecto á actualización das contas anuais.

3. Definición e aspectos metodolóxicos

3.1 A CONTA DE ASIGNACIÓN DA RENDA PRIMARIA.

A **conta de asignación da renda primaria** ocúpase dos fogares residentes como perceptores de renda primaria e non como produtores que xeran esa renda primaria.

A **renda primaria** é a renda que reciben as unidades residentes en virtude da súa participación directa no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido por poñelos a disposición doutra unidade institucional. A renda primaria é un indicador da capacidade dos fogares residentes dunha rexión de xerar renda como empresarios, asalariados ou perceptores de rendas da propiedade.

Conta de asignación da renda primaria

Empregos	Operacións e saldos contables	Recursos
	B.2 Excedente bruto de explotación	X
	B.3 Renda mixta	X
	D.1 Remuneración dos asalariados	X
	D.11 Soldos e salarios	X
	D.12 Cotizacións sociais a cargo dos empregadores	X
	D.121 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores	X
	D.122 Cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores	X
X	D.4 Rendas da propiedade	X
X	<i>B.5 Saldo das rendas primarias bruto</i>	

Como recursos dos fogares na conta de asignación da renda primaria temos o excedente de explotación bruto, a renda mixta, a remuneración de asalariados, mentres que as rendas da propiedade poden ser recursos ou empregos dos fogares segundo a súa natureza, como veremos posteriormente.

3.1.1 Excedente de explotación bruto (B.2) e Renda mixta (B.3)

O saldo contable da conta de explotación é o excedente de explotación bruto que se corresponde coa renda que obteñen as unidades produtoras da utilización dos seus propios activos de produción (SEC 8.18).

No caso das empresas non constituídas en sociedade pertencentes ao sector fogares, este saldo contable contén implicitamente un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou os membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario e que se denomina renda mixta.

Polo tanto, como saldo da conta de explotación do sector fogares temos dúas compoñentes: a renda mixta e o excedente de explotación bruto, que no caso dos fogares se corresponde co excedente xerado na produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios (aluguer imputado).

3.1.2 Remuneración de asalariados (D.1)

A remuneración de asalariados (D.1) comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable (SEC 4.02). Desagregase en:

a) soldos e salarios (D.11):

- **soldos e salarios en efectivo:** inclúen o valor de todas as cotizacións sociais, impostos sobre a renda, etc., a cargo do asalariado, incluso cando o empregador os retén e paga directamente aos sistemas de seguros sociais, ás autoridades fiscais, etc., en nome do asalariado.
- **soldos e salarios en especie:** son os bens e servizos, ou outras prestacións, proporcionados gratuitamente ou a prezos reducidos polos empregadores e que os asalariados poden utilizar no seu tempo libre e da forma que desexen para a satisfacción das súas necesidades ou as doutros membros dos seus fogares.

b) cotizacións sociais a cargo dos empregadores (D.12): na remuneración de asalariados debe rexistrarse un montante igual ao importe das cotizacións sociais pagadas polos empregadores para garantir aos seus asalariados o dereito a recibir prestacións sociais. Poden ser efectivas ou imputadas.

- **cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores (D.121),** comprenden os pagos que estes realizan, en beneficio dos seus asalariados, ás entidades aseguradoras (administracións de seguridade social e sistemas privados con constitución de reservas). Aínda que os empregadores as pagan directamente ás entidades aseguradoras, considérase que estas cotizacións son unha compoñente da remuneración de asalariados e que son estes os que as pagan ás entidades aseguradoras.
- **cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores (D.122),** representan a contrapartida das prestacións sociais directas dos empregadores (menos, no seu caso, as cotizacións sociais a cargo dos asalariados). Os empregadores pagan estas sen a intervención dunha empresa de seguro ou un fondo de pensións autónomo e sen constituír un fondo especial ou unha reserva separada a tales efectos. O feito de que algunhas prestacións sociais sexan pagadas directamente polos empregadores e non por medio de administracións de seguridade social ou doutras entidades aseguradoras non desvirtúa o seu carácter de prestacións sociais. Non obstante, como os custos destas prestacións constituén

parte dos custos salariais do empregador, deberanse incluír tamén na remuneración de asalariados.

A remuneración de asalariados pode consistir en:

- a) remuneración de asalariados residentes por empregadores residentes,
- b) remuneración de asalariados residentes por empregadores non residentes,
- c) remuneración de asalariados non residentes por empregadores residentes.

A remuneración de asalariados realizada por empregadores residentes (a,c) é a que se contabiliza na conta de explotación, mentres que a remuneración de asalariados residentes (a,b) é a que se rexistra na conta de asignación primaria da renda.

3.1.3 Rendas da propiedade (D.4)

Son as rendas que recibe o propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido a cambio de proporcionar fondos ou de poñer o activo material non producido a disposición doutra unidade institucional (SEC 4.42).

No sistema, e no que atinxe ao sector fogares, as rendas da propiedade clasifícanse da forma seguinte:

a) Intereses (D.41). En función das características do instrumento financeiro acordado entre o acredor e o debedor, os intereses son o importe que o debedor está obrigado a pagar ao acredor durante un período determinado de tempo sen reducir o importe do saldo vivo do principal. Esta forma de renda da propiedade recíbena os propietarios de determinados tipos de activos financeiros: depósitos, valores distintos de accións, préstamos e outras contas pendentes de cobro/pago. Segundo a súa natureza figuran nos empregos (intereses pagados) ou nos recursos (intereses cobrados principalmente de depósitos bancarios) da conta de asignación primaria da renda do sector fogares.

b) Rendas distribuídas das sociedades (D.42). Fan referencia aos beneficios de sociedades recibidos polos fogares residentes. Comprende dividendos (rendas da propiedade que reciben os propietarios de accións e ás que teñen dereito por poñer uns fondos a disposición das sociedades) e rendas retiradas das cuasisociedades (importes que os empresarios retiran efectivamente, para o seu propio uso, dos beneficios realizados polas cuasisociedades que lle pertencen). Figuran como recursos na conta de asignación primaria da renda dos fogares.

c) Rendas da propiedade atribuídas aos asegurados (D.44). As rendas da propiedade atribuídas aos asegurados corresponden ao total das rendas primarias recibidas da inversión das reservas técnicas de seguro. Son recursos dos fogares na conta de asignación primaria da renda.

d) Rendas da terra (D.45). Clasifícanse en:

- Rendas de terreos: a renda recibida por un propietario de terreos dun arrendatario constitúe unha forma de renda da propiedade. Non inclúen o aluguer dos edificios e vivendas situados neles.
- Renda de activos do subsolo. Esta rúbrica comprende os canons e regalías que perciben os propietarios dos xacementos de minerais e combustibles fósiles (carbón, petróleo ou gas natural) a cambio de outorgar a outras unidades institucionais o dereito a exploralos ou explotalos durante un período de tempo especificado.

Rexístranse como recursos ou empregos na conta de asignación primaria da renda do sector, segundo sexan rendas recibidas ou pagadas polos fogares.

3.2 A CONTA DE DISTRIBUCIÓN SECUNDARIA DA RENDA.

A conta de distribución secundaria da renda amosa cómo se asigna o saldo das rendas primarias dos fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais en efectivo e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes, constitúen unha redistribución da renda en efectivo, tanto en recursos (prestacións sociais, indemnizacións de seguros non vida, ...) como en empregos (impostos correntes, cotizacións sociais, primas netas de seguro...).

O saldo da conta é a **renda dispoñible**, que reflicte as operacións correntes e que exclúe, explicitamente, as transferencias de capital, as ganancias e perdas de posesión reais e as consecuencias de sucesos como as catástrofes naturais.

Conta de distribución secundaria da renda

Empregos	Operacións e saldos contables	Recursos
	<i>B.5 Saldo das rendas primarias bruto</i>	X
X	D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.	
X	D.61 Cotizacións sociais	X
X	D.611 Cotizacións sociais efectivas	
X	D.6111 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores	
X	D.6112 Cotizacións sociais a cargo dos asalariados	
X	D.6113 Cotizacións sociais dos traballadores autónomos e dos desempregados	
X	D.612 Cotizacións sociais imputadas	X
X	D.62 Prestacións sociais	X
X	D.7 Outras transferencias correntes	X
X	D.71 Primas netas de seguro non vida	
	D.72 Indemnizacións de seguro non vida	X
X	D.75 Transferencias correntes diversas	X
	<i>B.6 Renda dispoñible</i>	

3.2.1 Impostos sobre a renda, o patrimonio, etc. (D.5).

Comprenden todos os pagos obrigatorios sen contrapartida, en efectivo ou en especie, recadados periodicamente polas administracións públicas e polo resto do mundo sobre a renda e o patrimonio das unidades institucionais, así como algúns impostos periódicos que non se esixen nin sobre a renda nin sobre o patrimonio (SEC 4.77).

Os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., divídense en:

a) impostos sobre a renda (D.51), comprenden os impostos sobre as rendas, os beneficios e as ganancias de capital. No caso do sector fogares estamos a falar do Imposto sobre a renda persoas físicas (IRPF)

b) outros impostos correntes (D.59), comprenden:

- os impostos correntes sobre o capital, que consisten en impostos que se pagan periodicamente sobre a propiedade ou o uso de terreos ou edificios polos seus propietarios, e os impostos correntes sobre o patrimonio neto e sobre outros activos.
- os impostos de capitación que se esixen por persoa adulta ou fogar, independentemente da renda ou o patrimonio;
- os impostos sobre o gasto, baseados no gasto total da persoa física ou o fogar;
- os pagos dos fogares por licenzas de tenencia e uso de vehículos, barcos o avións (para usos non produtivos) ou de permisos de caza e pesca, etc;
- os impostos sobre operacións internacionais (viaxes e remesas de fondos ao estranxeiro, inversións estranxeiras, etc.), excepto os que deben pagar os produtores e os dereitos de importación a cargo dos fogares.

Estes impostos rexístranse no momento no que se producen as actividades, operacións ou outros feitos que crean a obrigaón de pagar e rexistraranse soamente os importes esixibles que estean xustificadas mediante liquidacións de impostos, declaracións de impostos ou outros instrumentos que creen claramente a obrigaón fiscal dos suxeitos pasivos.

No caso dos fogares e no marco tributario actual os tributos que forman parte deste agregado son: imposto sobre o patrimonio, imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), imposto sobre bens inmoables (IBI), imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, taxas por permisos de caza e pesca e contribucións especiais.

Os impostos correntes sobre a renda e patrimonio, rexístranse como emprego na conta de distribución secundaria da renda dos fogares.

3.2.2 Cotizacións sociais (D.61)

As cotizacións sociais divídense en:

a) Cotizacións sociais efectivas (D.611), que comprenden:

- **Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores (D.6111)**, que se corresponden co fluxo D.121. As cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores son os pagos que estes realizan ás administracións de seguridade social, empresas de seguro e fondos de pensións autónomos ou non autónomos que administran sistemas de seguros sociais, co fin de asegurar a provisión de prestacións sociais aos seus asalariados. Posto que as cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores se fan en beneficio dos seus asalariados, o seu importe rexístrase como un dos compoñentes da remuneración de asalariados, xunto cos soldos e salarios en efectivo e en especie. Posteriormente, as cotizacións sociais rexístranse como transferencias correntes dos asalariados ás administracións de seguridade social, empresas de seguro ou fondo de pensións autónomos ou non autónomos.
- **Cotizacións sociais a cargo dos asalariados (D.6112)**. Trátase das cotizacións sociais que pagan os asalariados á seguridade social e aos sistemas privados con e sen constitución de reservas.
- **Cotizacións sociais dos traballadores autónomos e dos desempregados (D. 6113)**. Son as cotizacións sociais que pagan, no seu propio beneficio, as persoas que non son asalariados, é dicir, os traballadores autónomos (empregadores ou traballadores por conta propia) e os desempregados. Inclúen tamén o valor das cotizacións complementarias a pagar con rendas da propiedade atribuídas aos asegurados e recibidas polos partícipes individuais nos sistemas, que se rexistran como se estes as reembolsaran ás empresas de seguro xunto coas outras cotizacións.

Os pagos das cotizacións sociais efectivas poden ser obrigatorios en virtude dunha lei ou un regulamento, ou ben en virtude de convenios colectivos establecidos en determinadas ramas de actividade, de acordos entre o empregador e os asalariados dunha empresa concreta, ou ben porque así consta no propio contrato de traballo. Nalgúns casos, as cotizacións poden ser voluntarias.

As cotizacións sociais efectivas rexístrase como emprego na conta de distribución secundaria da renda dos fogares.

b) Cotizacións sociais imputadas (D.612)

Representan a contrapartida das prestacións sociais directas dos empregadores (menos, no seu caso, as cotizacións sociais a cargo dos asalariados). Estas prestacións páganas directamente os empregadores (é dicir, non están vinculadas ás cotizacións efectivas, a cargo dos empregadores) aos seus asalariados, exasalariados sen a intervención dunha empresa de seguro ou fondo de

pensións autónomas e sen constituír un fondo especial ou unha reserva separada a tales efectos. Corresponde ás cotizacións sociais imputadas que forman parte da remuneración de asalariados e deben calcularse, en principio, mediante consideracións actuariais.

O feito de que algunhas prestacións sociais sexan pagadas directamente polos empregadores e non por medio das administracións da seguridade social ou doutras entidades aseguradoras non desvirtúa o seu carácter de prestacións sociais. Non obstante, como os custos destas prestacións constitúen parte dos custos salariais do empregador, deberanse incluír tamén na remuneración de asalariados.

É necesario introducir as cotizacións sociais imputadas se as prestacións sociais outorgadas directamente polos empregadores queren rexistrarse nas contas baixo a rúbrica prestacións sociais, e se o custo desas prestacións (para a parte que non está cuberta polas cotizacións sociais efectivas a cargo dos asalariados) se quere incluír na remuneración de asalariados pagada polo empregador.

3.2.3 Prestacións sociais (D.62)

Esta rúbrica comprende:

a) Prestacións de seguridade social en efectivo (D.621). Son as prestacións a pagar aos fogares polas administracións de seguridade social (excluídos os reembolsos) e que se proporcionan no marco de sistemas de seguridade social.

b) Prestacións sociais de sistemas privados con constitución de reservas (D.622). Son prestacións (en efectivo ou en especie) a pagar aos fogares polas empresas de seguro ou outras unidades institucionais que administran sistemas de seguros sociais privados con constitución de reservas.

c) Prestacións sociais directas dos empregadores (D.623). Son prestacións (en efectivo ou en especie) a pagar aos seus asalariados, ás persoas a cargo destes ou aos seus superviventes, polos empregadores que xestionan sistemas de seguros sociais sen constitución de reservas. Entre elas figuran, normalmente:

- os salarios normais ou reducidos que se continúan pagando durante os períodos de ausencia do traballo por enfermidade, accidente, maternidade, etc.;
- os complementos familiares, as axudas ao ensino e outras en relación coas persoas a cargo do asalariado;
- as pensións de xubilación ou de supervivencia pagadas aos exasalariados e as indemnizacións por despido, invalidez, morte por accidente, etc., pagadas aos asalariados ou aos seus beneficiarios (cando estas prestacións están ligadas a convenios colectivos);
- os servizos médicos xerais non relacionados coa medicina do traballo;
- as casas de convalecencia e as residencias de anciáns.

As prestacións sociais dos empregadores aos seus exasalariados ou a outros beneficiarios deben rexistrarse incluíndo as cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores, é dicir, os pagos efectuados polos empregadores aos aseguradores en beneficio das citadas persoas.

d) Prestacións de asistencia social en efectivo (D.624). Son prestacións pagadas aos fogares por unidades das administracións públicas ou das ISFLSF, co fin de atender as mesmas necesidades que as prestacións dos seguros sociais, pero que non se enmarcan nun sistema de seguros sociais con cotizacións sociais e prestacións de seguros sociais. As prestacións deste tipo non comprenden as transferencias correntes pagadas como consecuencia de sucesos ou circunstancias que normalmente non están cubertos polos sistemas de seguros sociais (por exemplo, as transferencias efectuadas en caso de catástrofes naturais, que se rexistran como outras transferencias correntes o como outras transferencias de capital).

3.2.4 Outras transferencias correntes (D.7)

Comprenden:

a) Primas netas de seguro non vida (D.71). Son as primas a pagar en virtude de pólizas subscribas por unidades institucionais. As pólizas dos fogares individuais son as que estes subscriben pola súa propia iniciativa e no seu propio beneficio, independentemente dos empregadores ou das administracións públicas e fóra de todo sistema de seguros sociais . As primas netas de seguro non de vida comprenden tanto as primas efectivas que deben pagar os tomadores das pólizas para estar cubertos durante o período contable (primas imputables ao exercicio corrente) como as primas complementarias a pagar coas rendas da propiedade atribuídas aos asegurados, previa dedución dos custos do servizo de seguro.

b) Indemnizacións de seguro non vida (D.72). Representan as indemnizacións imputables ao exercicio corrente en virtude de contratos de seguros non de vida ; é dicir, os importes que as empresas de seguro están obrigadas a pagar por lesións ou danos sufridos polas persoas ou os bens (incluídos os bens de capital fixo).

c) Transferencias correntes diversas (D.75). Comprende:

- Transferencias correntes ás ISFLSF. Son todas as contribucións voluntarias (excepto as herdanzas), as cotas dos seus membros e a asistencia financeira que as ISFLSF reciben dos fogares e, en menor medida, doutras unidades. Nesta rúbrica rexístranse entre outras, as cotas periódicas pagadas polos fogares a sindicatos e organizacións políticas, deportivas, culturais, relixiosas e similares clasificadas no sector das ISFLSF e as contribucións voluntarias dos fogares ás ISFLSF. Inclúense aquí as transferencias en especie feitas ás organizacións benéficas, en forma de donativos de alimentos, roupa, mantas, medicinas, etc., para a súa distribución aos fogares residentes ou non residentes. Exclúense os pagos de cotas ou subscricións a institucións sen fins de lucro ao servizo das empresas, como cámaras de comercio ou asociacións empresariais, que se consideran pagos polos servizos prestados.

- Transferencias correntes entre os fogares. Consisten en todas as transferencias correntes, en efectivo ou en especie, que os fogares residentes efectúan a, ou reciben, doutros fogares residentes ou non residentes. En particular, inclúen as remesas de fondos que os emigrantes ou os traballadores instalados permanentemente fóra do territorio económico fan aos membros da súa familia residentes no seu país de orixe, e as dos pais aos seus fillos residentes noutros lugares. Rexístranse nos empregos e os recursos da conta de distribución secundaria da renda dos fogares.
- Multas e sancións. As multas e sancións impostas ás unidades institucionais por tribunais de xustiza ou outras instancias xurídicas considéranse transferencias correntes obrigatorias.
- Loterías e xogos de azar. Os importes pagados polos billetes de lotería ou as sumas colocadas en apostas comprenden dous elementos: o pago do servizo á unidade que organiza a lotería ou os xogos de azar e unha transferencia corrente residual que se paga aos ganadores. O custo do servizo pode ser moi importante e ten que cubrir os impostos sobre a produción de servizos de xogos de azar. No sistema, considérase que as transferencias teñen lugar directamente entre os que participan na lotería ou nos xogos de azar, é dicir, entre os fogares. Cando participan fogares non residentes, poden darse transferencias netas significativas entre o sector «fogares» e o resto do mundo.
- Pagos compensatorios. Son as transferencias correntes pagadas por unhas unidades institucionais a outras en compensación polas lesións ou danos causados ás persoas ou as propiedades, excluídas as indemnizacións de seguro non de vida.
- Outras transferencias correntes. Comprende entre outras as becas, bolsas de viaxe e recompensas pagadas aos fogares polas AAPP ou as ISFLSF, as devolucións feitas polos fogares de gastos efectuados no seu favor por organizacións de asistencia social, as primas de aforro concedidas regularmente polas AAPP aos fogares como recompensa polos seus aforros durante o período e as transferencias correntes das AAPP aos fogares na súa condición de consumidores, se non se rexistran como prestacións sociais.

3.3. CONTA DE REDISTRIBUCIÓN DA RENDA EN ESPECIE

A conta de redistribución da renda en especie da unha visión máis ampla da renda dos fogares, ao incluír os fluxos correspondentes á utilización dos bens e servizos individuais que os fogares reciben de forma gratuíta, é dicir, as prestacións sociais en especie e as transferencias de bens e servizos individuais non de mercado, categorías que se agrupan baixo o concepto de transferencias sociais en especie. Isto facilita as comparacións no tempo cando existen diferenzas ou variacións nas condicións económicas ou sociais e complementa a análise do papel desempeñado polas administracións públicas na redistribución da renda. O saldo desta conta é a renda dispoñible axustada.

3.3.1 Transferencias sociais en especie (D.63)

Comprenden os bens e servizos individuais proporcionados aos fogares como transferencias en especie por unidades das administracións públicas e as ISFLSF, tanto se se adquiriron no mercado, como se proceden da produción non de mercado das unidades das administracións públicas e das ISFLSF. Poden financiarse por medio de impostos, cotizacións de seguridade social e outros ingresos das administracións públicas ou, no seu caso das ISFLSF, por medio de donativos ou de rendas da propiedade.

a) Prestacións sociais en especie (D.631). Consisten en transferencias sociais en especie destinadas a liberar aos fogares da carga financeira que representa para eles a cobertura dunha serie de riscos e necesidades sociais. Poden ser:

- **Reembolsos de prestacións de seguridade social (D.6311).** Trátase dos reembolsos polas administracións de seguridade social dos gastos autorizados feitos polos fogares nuns bens e servizos específicos.
- **Outras prestacións de seguridade social en especie (D.6312).** Son as transferencias sociais en especie, agás os reembolsos, efectuadas polas administracións de seguridade social aos fogares. A maior parte corresponde a tratamentos médicos, estomatolóxicos ou cirúrxicos, estancias hospitalarias, gafas e lentes de contacto, equipos médicos, e bens e servizos similares proporcionados no marco dos riscos e necesidades sociais.
- **Prestacións de asistencia social en especie (D.6313).** Son as transferencias en especie proporcionadas aos fogares por unidades das administracións públicas ou as ISFLSF, de natureza similar ás prestacións de seguridade social en especie, pero que non se proporcionan no marco dun sistema de seguros sociais. Inclúense, no caso de que non estean cubertos por un sistema de seguros sociais, o aluguer de vivendas sociais, as axudas para aloxamento, as garderías infantís, a formación profesional, os descontos nos prezos do transporte (sempre e cando teñan unha finalidade social) e bens e servizos similares proporcionados no marco dos riscos e necesidades sociais.

b) Transferencias de bens e servizos non de mercado individuais (D.632). Comprenden os bens e servizos proporcionados aos fogares individuais, de forma gratuíta ou a prezos economicamente non significativos, polos produtores non de mercado das administracións públicas ou das ISFLSF. Corresponden ao gasto en consumo individual das ISFLSF e das administracións públicas, menos as prestacións sociais en especie (D.631) concedidas aos fogares no marco de réximes de seguridade social ou de asistencia social.

3.4. CONTA DE UTILIZACIÓN DA RENDA

A conta de utilización da renda amosa como se distribúe a renda dispoñible entre o gasto en consumo final e o aforro. Distínguese entre:

- **Conta de utilización da renda dispoñible (II.4.1).** Inclúe o concepto de gasto en consumo final financiado polos fogares.
- **Conta de utilización da renda dispoñible axustada (II.4.2).** Inclúe o concepto de consumo final efectivo, que corresponde ao valor dos bens e servizos de que dispoñen efectivamente os fogares para o seu consumo final, aínda que a súa adquisición estea financiada polas administracións públicas ou as institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares. Deste xeito o consumo final efectivo dos fogares (CF fogares) é igual ao gasto en consumo final dos fogares (GCF fogares) máis o gasto en consumo final individual das AAPP (GCFI administracións públicas) e o gasto en consumo final das ISFLSF (GCF das ISFLSF).

$$\text{CF fogares} = \text{GCF fogares} + \text{GCFI administracións públicas} + \text{GCF das ISFLSF}$$

Para o total da economía o gasto en consumo final e consumo final efectivo son iguais, o único que difire é a distribución por sectores institucionais.

O **aforro** é o saldo contable das dúas versións da conta de utilización da renda. Equivale ao montante (positivo ou negativo) obtido como resultado das operacións correntes que serve de conexión co proceso de acumulación. Se o aforro é positivo, a renda que non se gastou utilízase para a adquisición de activos ou a redución de pasivos. Se o aforro é negativo, liquídanse determinados activos ou auméntanse os pasivos.

Nas dúas contas de utilización de renda introdúcese a partida **“Axuste pola variación da participación neta dos fogares nas reservas dos fondos de pensións”**. Esta partida de axuste é necesaria para conciliar o aforro dos fogares coa variación da súa participación neta nas reservas dos fondos de pensións. En todo caso fai referencia aos sistemas privados de pensións. Unha cifra positiva indicaría que no exercicio o valor das contribucións dos fogares é maior aos pagos dos sistemas privados de pensións aos fogares. Isto significa unha maior renda dispoñible bruta para os fogares. No caso contrario teríamos unha menor renda dispoñible bruta.

3.5. POBOACIÓN DE REFERENCIA UTILIZADA NESTA PUBLICACIÓN

A poboación de referencia utilizada para os cálculos das variables por habitante é o promedio dos datos do Padrón municipal de habitantes, operación estatística elaborada polo *Instituto Nacional de Estadística (INE)*. Esta fonte publica datos de poboación por concellos a un de xaneiro de cada ano. Entendemos que é máis representativo para o cálculo de magnitudes per cápita calcular unha media do inicio e do final de cada ano. Así, para un ano t a poboación utilizada nesta publicación será a media de dous datos de poboación: a 1 de xaneiro do ano t , e a 1 de xaneiro do ano $t+1$.

Na publicación tamén se ofrece información da poboación maior de 15 anos. A dita poboación calculouse seguindo os mesmos criterios.

4. Fontes de información.

Na estimación das contas económicas anuais e das contas de renda dos fogares utilízase a maioría das fontes estatísticas dispoñibles. A seguinte relación non é exhaustiva pero recolle a información estatística **básica** utilizada nas estimacións e desagregacións municipais das distintas partidas contables:

Axencia española da administración tributaria (AEAT):

- Estatística dos declarantes do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- Modelo 180: Retencións e ingresos a conta. Rendementos procedentes do arrendamento de inmobles urbanos.
- Modelo 181: Declaración informativa de préstamos hipotecarios concedidos para a adquisición de vivendas.
- Modelo 187: Declaración informativa e de resumen anual de retencións e ingresos a conta por operacións de adquisición e venda de accións e participacións.
- Modelo 190: Resumen anual de retencións e ingresos a conta. Rendementos do traballo de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda.
- Modelo 193: Retencións e ingresos a conta sobre determinados rendementos de capital mobiliario. Retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas.
- Modelo 194: Retencións e ingresos a conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas derivadas da transmisión, amortización, reembolso, canxe ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos.
- Modelo 196: Resumen anual de retencións e ingresos a conta en relación coas vendas ou rendementos do capital mobiliario obtidos pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras.
- Modelo 198: Declaración anual de operacións con activos financeiros e outros valores mobiliarios.

Banco de España

- Boletín estatístico. Créditos en entidades de crédito.

Consellería de Facenda

- Liquidación de orzamentos
- Recadación de tributos

Delegación do Goberno en Galicia

- Memoria anual.

Instituto Galego de Estatística

- Contas económicas anuais.
- Enquisa de condicións de vida das familias.

Instituto Nacional de Estatística

- Censo de poboación e vivendas 2001.
- Padrón Municipal de Habitantes.
- Enquisa de presupostos familiares.
- Contabilidade Nacional de España.
- Estatística de hipotecas.
- Enquisa anual de custo laboral.

Ministerio de Economía y Hacienda

- Liquidación definitiva anual do rendemento da tarifa autonómica do IRPF.
- Liquidación de Presupostos das Entidades Locais.
- Estatística de pensións e prestacións de Clases Pasivas.
- Catastro. Imposto sobre bens inmoables.

Ministerio de Fomento

- Estimación do parque de vivendas.
- Transaccións inmobiliarias.

Seguridade Social

- Afiliacións á Seguridade Social.
- Prestacións de Seguridade Social e outra protección social
- Memoria anual.

Outras fontes de información

- Mutualidades de funcionarios (MUFACE, MUGEJO, ISFAS)
- Información de transferencias bancarias entre particulares procedentes/enviadas do/ao exterior proporcionada por varias entidades financeiras.

5. Presentación de resultados

A información difúndese na web do IGE (www.ige.eu) dentro do apartado temático de **Economía. Sistema de Contas.**

Publícanse as contas de asignación da renda primaria e distribución secundaria da renda para os distintos ámbitos xeográficos. En concreto:

1. Para o conxunto de Galicia:

B.2 Excedente de explotación bruto

B.3 Renda mixta

D.1 Remuneración de asalariados

D.11 Soldos e salarios

D.12 Cotizacións sociais a cargo dos empregadores

D.121 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores

D.122 Cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores

D.4 Rendas da propiedade (empregos e recursos)

B.5 Saldo das rendas primarias bruto

D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.

D51 Impostos sobre a renda

D59 Outros impostos correntes

D.61 Cotizacións sociais

D.611 Cotizacións sociais efectivas

D.6111 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores

D.6112 Cotizacións sociais a cargo dos asalariados

D.6113 Cotizacións sociais dos traballadores autónomos e dos desempregados

D.612 Cotizacións sociais imputadas

D.62 Prestacións sociais

D.7 Outras transferencias correntes

D.71 Primas netas de seguro non vida

D.72 Indemnizacións de seguro non vida

D.75 Transferencias correntes diversas

B.6 Renda dispoñible bruta

D.63 Transferencias sociais en especie

B.7 Renda dispoñible axustada bruta

D.8 Axuste pola variación da participación neta dos fogares nas reservas dos fondos de pensións.

P.4 Gasto en consumo final

B.8 Aforro bruto

P.4 Consumo final efectivo

Poboación a 1 de xullo

Poboación a 1 de xullo de 16 e máis anos

2. Para os concellos, comarcas e provincias:

B.2 Excedente de explotación bruto

B.3 Renda mixta

D.1 Remuneración de asalariados

D.4 Rendas da propiedade (empregos e recursos)

B.5 Saldo das rendas primarias bruto

D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.

D.61 Cotizacións sociais

D.62 Prestacións sociais

D.7 Outras transferencias correntes (empregos e recursos)

B.6 Renda dispoñible bruta

Poboación a 1 de xullo

Poboación a 1 de xullo de 16 e máis anos